



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Educación permanente	Código	652G03008		
Titulación	Grao en Educación Social				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Rumbo Arcas, María Begoña	Correo electrónico	begona.rumbo@udc.es		
Profesorado	Rumbo Arcas, María Begoña	Correo electrónico	begona.rumbo@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A asignatura de E. Permanente está contextualizada no módulo APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA da titulación do Grado de E. Social. E unha asignatura que se contempla como necesaria para a formación básica dos futuros profesionais en educación social por varios motivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O propio concepto aporta as bases teóricas que sirven de referente para xustificar á educación social, ao entender e explicar que a educación debe traspasar os muros da escola. 2. Estamos ante unha realidade tecnoloxizada e cambiante, o que nos exige estar continuamente aprendendo e innovando. 3. A educación permanente adquire un recoñecemento e alcance maior na actual estrutura económica altamente competitiva, o que nos exige estar inmersos en procesos formativos que nos permitan alcanzar as exigencias profesionais que nos demanda o mercado global. 4. O emerxer dunha nova concepción de cidadanía precisa ducha E. Permanente que nos permita construír unha democracia máis participativa e nos enseñe a "aprender a vivir xuntos". 				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Comprender os supostos e fundamentos da educación permanente e a súa repercusión no contexto socioeconómico actual.	A2 A5 A20	B1	
Analizar as políticas de benestar social e a súas implicacións na educación permanente.	A3 A5		C6
Realizar unha lectura comprensiva dos textos de educación permanente seleccionados na materia.	A17	B1 B4 B5	C1 C4 C6 C7
Xustificar e argumentar as ideas nas lecturas seleccionadas para a materia	A2 A17	B1 B3 B5	C1 C6
Expresarse adecuadamente utilizando a terminoloxía académica propia da materia.		B1	C1
Asumir como profesional e cidadano a importancia da educación permanente no mundo globalizado.	A20	B4 B5	C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Educación Permanente e Sociedade do Coñecemento	1.1. Caracterización da sociedade do coñecemento e a economía do coñecemento. 1.2. Revolución dixital e sociedade da información. 1.3. Sociedade do coñecemento vs. economía do coñecemento. 1.4. Significado e implicacións da educación permanente no sistema educativo actual.
2. Conceptualización da Educación Permanente	2.1. Cara un concepto da educación permanente. Orixe e evolución 2.2. Obxetivos, finalidades e principios metodolóxicos da educación permanente. 2.3. O papel da UNESCO na conceptualización da E. Permanente: Os catro pilares.
3. Contradicións e problemas da posta en práctica da filosofía da educación permanente	3.1. Confusión terminolóxica. 3.2. Confusión educativa. 3.3. Contradicións entre os seus principios e os seus obxetivos nun mundo global. 3.4. A Sociedade da ignorancia.
4. O enfoque crítico da Educación Permanente: A Educación Popular e Paulo Freire	4.1. A Educación Permanente Adaptativa vs. Educación Permanente liberadora. 4.2. A investigación participativa como método de intervención na realidade social. 4.3. O rol profesional das educadoras e educadores sociais dende a mirada crítica da realidade.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A5 A20 B3 B5 C4	8	0	8
Discusión dirixida	A3 A5 B1 B4 C1	20	22	42
Lecturas	A2 A17 C7	12	50	62
Proba mixta	C6	2	30	32
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	Organizaranse as clases en pequenos grupos no que os estudantes, previa lectura dos textos, debaten e intercambian opinións fundamentadas sobre o traballado.
Discusión dirixida	Trátase da posta en común no grupo-aula da análise das fontes seleccionadas, previo traballo individual e en grupos reducidos.
Lecturas	Para traballar esta asignatura nas clases expositivas, seleccionárase unha serie de lecturas que sexan pertinentes e de interese para a aprendizaxe da mesma e axuden ao estudante a clarificar conceptos e comprender os coñecementos básicos. Ademais, é de obrigada a lectura para as clases interactivas, o libro de Freire, P (1975). La pedagogía del oprimido. Madrid: S.XXI.
Proba mixta	Elaboración dun exame sen material sobre os temas traballados nas clases expositivas e interactivas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada está vinculada á orientación que precise cada estudante para alcanzar satisfactoriamente as competencias planificadas na asignatura.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	C6	Realízase unha proba final, na data aprobada pola Xunta de Facultade e exposta na páxina web do centro. Nela se comprobará o nivel de coñecementos e competencias adquiridos, tanto nas clases expositivas, como nas clases interactivas. Para superar a asignatura é preciso superar ambas partes.	100

Observacións avaliación

Para o alumnado que ten recoñecida a condición de dispensa académica (solicitud previa a Decanato na Administración do centro) deberá facer o seguimento do programa da materia de forma individual, seguindo as directrices marcadas para as clases presenciáis ao principio de curso e serán avaliados na proba mixta asignada para a materia.

Para a segunda oportunidade, os/as estudantes tendrán que repetir nunha proba mixta a parte ou partes non superadas na primeira oportunidade. A realización fraudulenta de traballos e actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia na convocatoria correspondente.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>AA. VV (1996). La educación encierra un tesoro. Madrid. Santillana/UNESCO. AA. VV (1998). Sectores emergentes en el campo de la educación permanente. Baleares: Universitat de les Illes Balears y Diálogos. Cabello Martínez, M^a J (2002). Educación Permanente y Educación Social. Málaga: Aljibe. Carr, N (2011). Qué está haciendo internet con nuestras mentes?. Superficiales. Madrid: Taurus. García Garrido, J.L y Egido Gálvez, (Coords.) (2006). Aprendizaje permanente. Pamplona: EUNSA. Gonzal Mayos y Brey, A (Eds.) (2011). La Sociedad de la ignorancia. Barcelona: Península. Freire, P (1975). Pedagogía del oprimido. Madrid: S.XXI. Gelpi, E (1990). Educación permanente. Problemas laborales y perspectivas educativas. Madrid. Ed. Popular. Gimeno Sacristán, J (2005). La educación que aún es posible. Madrid: Morata. Goody, J (2004). Capitalismo y modernidad: el gran debate. Barcelona: Crítica. Hamilton, C (2006). El fetiche del crecimiento. Pamplona: Laetoli. Hargreaves, A (2003). Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona: Octaedro. Jarauta, B e Imbernón, F (Coords.) (2012). Pensando en el futuro de la educación. Barcelona: Graó. Jarvis, P (2007). Globalisation, Lifelong Learning and the Learning Society. N. York. Routledge. Lankshear, C y Knobel, M (2008). Nuevos analfabetismos. Madrid. Morata. Longworth N (2003). El aprendizaje a lo largo de la vida. Barcelona: Paidós. Mayos Ç y Brey, A (Eds.) (2011). La sociedad de la ignorancia. Barcelona: Península. Salvar Martinrey y Serrano Marín, V (2011). La revolución digital y la sociedad de la información. Zamora: Comunicación Social. Sennet, R (2006). La cultura del nuevo capitalismo. Barcelona: Anagrama. Trilla, J (1993). La educación fuera de la escuela. Ambitos no formales y educación social. Barcelona. Ariel.</p>
Bibliografía complementaria	<p>AA. VV (1994). Nuevas perspectivas críticas en educación. Barcelona. Paidós/Ecuador. Beck, U (2001). ¿Qué es la Globalización?. Barcelona: Paidós/B. Aires. Faure (1973). Aprender a ser. Madrid. Alianza. Fernández Enguita, M; Souto, X.M. y Rodríguez Ravéna, R (2005). La sociedad del conocimiento: democracia y cultura. Barcelona: Octaedro. Freire, P (1993). Pedagogía de la esperanza. Madrid: S. XXI. Husen, T (1988). Nuevos análisis de la sociedad de aprendizaje. Barcelona. Paidós. Jarvis, P (2008). The Routledge International Handbook of Lifelong Learning. Routledge. N. York. Imbernón, F (1999) (Coord.). La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato. Barcelona: Biblioteca de Aula. Lerena, C (1989). Escuela, ideología y clases sociales en España. Madrid. Akal. Navarro, V (2002). Bienestar insuficiente, democracia incompleta. Barcelona: Anagrama. Peters, M.A; Britton, A y Blee, H (2008). Global Citizenship Education. Philosophy, Theory and Pedagogy. The Netherlands: Sense publishers. Ruiz Ballesteros, E (2005). Intervención social: cultural, discursos y poder. Madrid: Talasa Ediciones.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Socioloxía da educación/652G03028

Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo/652G03036

Materias que continúan o temario

Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías